

ANEXO V

EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF
ENDEREZO		PROVINCIA
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
BANCO			
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Asdo.:

Asdo.:

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 24 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do **acordo da comisión paritaria do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego.**

Vista a acta da reunión da comisión paritaria do convenio colectivo galego de centros especiais de emprego, que se celebrou o 21 de xaneiro de 2008, na que se acorda aprobar as táboas salariais para o ano 2008, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Acta da xuntanza da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de centros especiais de emprego

En Santiago de Compostela, ás 12.20 horas do 21 de xaneiro de 2008, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24 baixo, reúnense as persoas que se sinalan abaixo, co obxecto de realizar unha xuntanza da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de centros especiais de emprego co obxecto de proceder á actualización de táboas salariais para o ano 2008.

Representación empresarial: Ignacio Rodríguez Sáez, Gonzalo Fariña Pérez, Juan Acevedo Vidal, Isabel Fraga.

Representación sindical: Mª Luisa Rodríguez Vázquez (UGT-Galicia), Clara Gamarra Lozano (SN de CC.OO. de Galicia), Alexandre Lago Portela (CIG), Adolfo Naya (CIG).

Asiste á reunión a secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais, María Luisa Peña Cebreiro.

O obxecto da reunión é a actualización das táboas salariais para o ano 2008.

A representación empresarial entrega a súa proposta de actualización, que se anexa a esta acta, que recolle un incremento equivalente ao IPC real de 2007 máis un punto, é dicir, un 5,2%.

Debatido o asunto, a comisión paritaria acorda prestar aprobación ás táboas salariais que figuran no documento adxunto a esta acta.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a reunión, sendo as 13.00 horas do día sinalado no encabezamento, expídese para o efecto esta acta, que

asinan todos os asistentes, en presenza da secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais.

Centros especiais de emprego de Galicia:

Táboas salariais ano 2008

ANEXO I

Categorías	Nivel	Nomes	2008	
			Sal. mensual	Sal. anual
1	N1	Técnico superior nivel 1	1.086,5	15.211,1
	N2	Técnico superior nivel 2	1.026,1	14.365,7
2	N1	Técnico medio nivel 1	965,6	13.518,8
	N2	Técnico medio nivel 2	905,5	12.676,4
3		Mando intermedio	814,9	11.408,3
4		Técnico axudante	784,6	10.984,1
5	N1	Administrativo nivel 1	766,6	10.732,3
	N2	Administrativo nivel 2	617,2	8.640,9
6	N1	Técnico non cual. nivel 1	615,2	8.612,3
	N2	Técnico non cual. nivel 2	605,4	8.475,0
7		Operario	600,3	8.403,8

ANEXO II

Categorías	Nivel	Nomes	2008	
			Sal. mensual	Sal. anual
1	N1	Técnico superior nivel 1	1.581,2	22.136,8
	N2	Técnico superior nivel 2	1.238,1	17.332,8
2	N1	Técnico medio nivel 1	1.164,5	16.302,3
	N2	Técnico medio nivel 2	1.092,4	15.294,2
3		Mando intermedio	1.080,6	15.127,3
4		Técnico axudante	1.012,9	14.180,3
5	N1	Administrativo nivel 1	924,9	12.948,6
	N2	Administrativo nivel 2	745,9	10.442,6
6	N1	Técnico non cual. nivel 1	742,3	10.391,6
	N2	Técnico non cual. nivel 2	729,0	10.206,6
7		Operario	722,2	10.110,7

(Incremento=diferencial de IPC 2007+IPC previsto para 2008+1 punto) (2,2+2+1).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 19 de febreiro de 2008 pola que se determina o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2008 ao abeiro do Decreto 234/2003, do 3 de abril, sobre subvencións a fondo perdido para a rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos galegos.

O Decreto 234/2003, do 3 de abril, constitúe o marco normativo polo que se regula a concesión de subvencións para a rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos galegos.

O seu artigo 4 dispón que estas axudas se atenderán da forma que será establecida mediante ordes anuais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda que cuantificarán as dispoñibilidades orzamentarias que poidan consignarse en cada exercicio económico.

A súa disposición derradeira primeira faculta o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para ditar, no marco das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia, crea a Consellería de Vivenda e Solo, e o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, na súa disposición adicional sétima establece que as referencias contidas na normativa reguladora do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, en canto ao conselleiro

e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, deberán entenderse referidas á Consellería de Vivenda e Solo.

En uso da referida autorización,

DISPOÑO:

Artigo único.-Para os efectos do disposto no artigo 4 do Decreto 234/2003, do 3 de abril, e para dar cobertura a todos os expedientes que acaden neste exercicio a fase de concesión, determínase:

1. As aplicacións do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, onde figuran os créditos con cargo aos cales serán atendidas as axudas do Decreto 234/2003, son a 17.02.451-A 780.2 e a 17.02.451-A.770.0.

2. O importe máximo destas axudas que se poderán outorgar dentro do exercicio orzamentario de 2008 será de 650.000 €. Con cargo á aplicación 17.02.451A.780.2 e de 110.000 € con cargo á aplicación 17.02.451-A 770.0.

Disposición derradeira

Única.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2008.

María Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 18 de febreiro de 2008 pola que se convoca un curso básico de capacitación para a categoría de policía dentro do corpo da policía local.

Dentro das actividades programadas para o ano 2008, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a celebración dun curso básico de capacitación para a categoría de policía dentro do corpo da policía local, segundo o previsto no artigo 35.2º da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

O curso ten por obxectivos dotar os policía dunha formación teórico-práctica que complementa os coñecementos adquiridos na súa preparación das correspondentes probas de oposición, facilitándolles a competencia e capacidade necesarias para o posterior desempeño da súa actividade profesional.

Destinatarios.

O curso vai dirixido a todas aquelas persoas que superaron recentemente as correspondentes probas de acceso á categoría de policía dos diferentes concellos de Galicia.

Inscripción.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta, debéndose comunicar esta antes do 28 de febreiro para efectuar a correspondente reserva de praza.